

# DINÁMICAS DE PRESENTACIÓN INTRODUCCIÓN UNIDADES TITORÍA!



## OBXECTIVOS DA DINÁMICA

Neste caso o obxectivo é crear unha tormenta de ideas sobre un tema concreto.

## DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

Iremos apuntando as respostas na pizarra. Podemos sacarlle unha fotografía para revisar esas respostas unha vez rematemos a unidade e ver se queren aportar algo máis ou cambiou en algo o seu pensar.

Presentamos exemplos de preguntas para as distintas unidades de titoría:

### PARA EDUCACIÓN EMOCIONAL:

- ★ Dicide un nome dunha emoción que coñezades
- ★ Que fas cando sentes alegría?
- ★ Que te tranquiliza cando sentes enfado?
- ★ Que emoción ocupa a maior parte do teu tempo no Instituto?
- ★ Como cres que afectan as túas emocións á túa aprendizaxe?
- ★ Cal é a materia que máis te emociona estudar?
- ★ Que emoción te domina máis cando estás a estudar?
- ★ Que emoción sentes cando aprendes facer algo novo?
- ★ ...

### PARA COMPETENCIA SOCIAL:

- ★ Que pensades que perdemos na comunicación por medios dixitais?
- ★ Que pensades que é imprescindible para unha boa comunicación?
- ★ Por que pensades que pode ser necesario saber dicir que NON?
- ★ Que características pensades que debe ter unha persoa para que a consideredes a vosa confidente?
- ★ De que formas nos comunicamos?
- ★ ...

### PARA A RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS:

- ★ Que pensades que é un conflito?
- ★ Para que pensades que poden ser útiles os conflitos?
- ★ Que pensades que debe pasar para que un conflito se resolva?
- ★ ...

### PARA A IGUALDADE:

- ★ Cal é a vosa cor preferida?
- ★ En que vos gustaría traballar cando sexades persoas adultas?
- ★ Cal era o voso xogo preferido cando erades pequenos e pequenas?
- ★ Cal era o voso conto preferido cando erades pequenos e pequenas?
- ★ Cal era a vosa película preferida cando erades pequenos e pequenas?
- ★ ...

Nesta unidade, unha vez que remata a rolda de presentacións, pídeselles que se poñan en pé as persoas que manterían esa preferencia se ó nacer lles tiveran asignado o sexo oposto.

### PARA APRENDER A APRENDER:

- ★ Que é o que máis te facilita a aprendizaxe?
- ★ Que táctica consideras infalible cando estudas?
- ★ Que características pensades que debe ter unha persoa para que a consideredes boa estudante?
- ★ De que forma preparades o voso lugar de estudo?
- ★ Que cousas vos molestan máis cando estades estudando?
- ★ ...

### PARA ORIENTACIÓN ACADÉMICA E VOCACIONAL:

- ★ De que tema gustaríache saber máis cousas?
- ★ Que materia te resulta máis doada?
- ★ Que materia esperta en ti máis curiosidade?
- ★ Se puidesedes definir os teus soños cunha palabra... cal sería?
- ★ De que forma pensas que podes colaborar a cambiar algún aspecto do mundo?
- ★ Como pensas que tería que cambiar o sistema educativo para sentirte mellor?
- ★ ...

### PARA PREVENCIÓN DE CONDUTAS DE RISCO:

- ★ Que perigos pensades que existen na nosa sociedade?
- ★ Por que pensades que nos Institutos hai máis problemas de acoso escolar que en primaria?
- ★ Que fariades se vises a unha amizade comezar actuar dunha forma que le podería traer consecuencias desagradables?
- ★ Que facedes cando vedes como unha persoa menospreza ou humilla a outra?
- ★ Por que pensades que o consumo de drogas está tan estendido na nosa sociedade?
- ★ ...